



IV festa  
da lingua

Actuación musical **Marful**


*Ti dis xouba e eu digo parrocha*  
Paula Carballeira e Chiqui Pereira **Berrobambán**

Presenta **Yolanda Castaño**

Manifesto  
*A lingua preferida* **Xurxo Borrazás**

Sábado  
7 de maio 21.00 h  
Pazo da Cultura  
de Carballo

# lingua lingua

Organiza:  DEPUTACION DA CORUÑA

Colaboran: 

 CONCELLO DE CARBALLO

 CONCELLO DE MALPICA

 CONCELLO DE PONTECESO

 CONCELLO DE ZAS

## “Unha festa co galego como protagonista”



### Actuación musical

#### Marful

Marful, o grupo que liderou unha revolución musical nos últimos anos, en canto a arranxos, estética e letras de cancións, acaba de editar o seu segundo disco, *Manual de Sedución*, unha proposta que seduce en sosego, fai preguntas e acepta a contradición. Porque a sedución non é explícita, é maxín. Marful son Ugia Pedreira (voz), Marcos Teira (guitarras), Pedro Pascual (acordeóns) e Pablo Pascual (clarinetes). Coa colaboración de Xacobe Martínez (contrabaixo) e LAR Legido (batería).



### Ti dis xouba e eu digo parrocha

#### Berrobambán

A actriz e contadora Paula Carballeira e mais o actor e creador Chiqui Pereira, de Berrobambán Teatro, traen á Festa da Lingua “Ti dis xouba e eu parrocha”, un divertimento pseudomusical sobre variantes lingüísticas.



### Presenta

#### Yolanda Castaño

A comunicadora e poeta Yolanda Castaño será a encargada de conducir esta festa. Ademais, é a autora do texto de lectura colectiva.



### Manifeso

#### A lingua preferida

#### Xurxo Borrazás

O escritor Xurxo Borrazás é o autor de *A lingua preferida*, o manifiesto desta IV Festa da Lingua, no que declara que non queremos unha lingua celebrada, que a preferimos falada.

### E, ademais:

- > Entrega do II Premio Rosalía de Castro de Lingua 2011
- > Entrega do VII Premio a artigos xornalísticos normalizadores Concello de Carballo 2011
- > Lectura de manifiesto colectivo en defensa da lingua por parte de persoas representativas de diferentes ámbitos

A entrada a esta festa é de balde, mais débese recoller convite nos servizos de normalización lingüística (SNL) dos concellos colaboradores ou reservar no teléfono 981 704 304, entre o 2 e o 6 de maio, de 11.00 h a 14.00 h. Máximo 4 entradas por persoa. As reservas poderanse recoller no despacho de billetes do auditorio o mesmo sábado 7 de 19.30 h a 20.30 h

## A lingua preferida

Non queremos unha lingua excelsa, preferímola vulgar. Tampouco a queremos celebrada, preferímola falada. Non a queremos amábel, preferímola impertinente. Non queremos unha lingua fermosa, preferímola útil. Non queremos unha lingua de escritores, preferímola de mecánicos, de taberneiros, tendeiros, médicos, xuíces e mariscadoras, de xornalistas, de músicos, de albaneis, de travestís, de futbolistas, taxistas e labradores. Non queremos unha lingua de mestres, querémola de estudantes. Non queremos unha lingua baixo os focos, preferímola transparente. Non queremos unha lingua con historia, preferímola con futuro. Non queremos unha lingua ritual, nin virtual nin ideal, preferímola real. Non queremos unha lingua doce, azucrada, na que todo soe ben, preferímola salgada. Non queremos unha lingua de letras, preferímola de ciencias. Non queremos unha lingua de espíritos, preferímola de corpos. Non queremos unha lingua de erotismo, preferímola de sexo. Non queremos unha lingua de xardín francés, preferímola de bosque. Non queremos unha lingua folk, preferímola punk. Non queremos unha lingua limpa, preferímola sucia, chapuzando en todas as pozas. Non queremos unha lingua doméstica, preferímola fóra. A ver esa lingua! Non queremos unha lingua sentada, preferímola a bailar. Non queremos unha lingua de pau, preferímola eléctrica. Non queremos media lingua, preferímola enteira. Non queremos unha lingua nosa, querémola de todos. Non a queremos de confidencias, preferímola de aturuxos. Non a queremos de domingo, preferímola de diario. Non a queremos recibir, querémola dar. Non a queremos discreta e virtuosa, querémola de troula. Non a queremos nos libros, querémola nos contratos. Non queremos lingua de natureza, querémola de fábrica. Non queremos diplomas, aspiramos ao podio. Non queremos cans, queremos vacas. Queremos unha lingua escaladora, ciclista, surfista, fogueteira, moicante, zulú. Non a queremos santa, querémola voraz. Non a queremos excepción, querémola norma. E tampouco a queremos norma, mellor infracción. Querémola feiranta. Non a queremos conmemoración, querémola festa. Ou rutina. Non a queremos grande, querémola nosa. Non a queremos nai, querémola amiga. E senón inimiga, pero sempre enfronte, a escape libre. Querémola en inglés e querémola en verde. Querémola na boca dos nosos adversarios. Querémola deslinguada, montaña rusa. Querémola en google e en yahoo. Queremos lingua Messi, lingua Pelé. Non queremos unha lingua quieta, querémola en marcha e de man en man, coma se nada. Queremos unha lingua a almorzar de hotel, buffet libre, relax total. Queremos mil primaveras máis, mil vendimas logradas, mil nevaradas brancas e mil veráns na area ao sol. Querémola en marcha e non a queremos **nada**. Preferímola **toda**.

Xurxo Borrazás